

Pais, nais e mestres saen á rúa polo atraso do curso no conservatorio

Dous meses despois da data fixada pola Xunta para dar inicio á actividade académica as aulas deste centro de ensino musical dependente do Concello seguen baleiras. Como telón de fondo, unha xestión moitas veces cuestionada con atrasos reiterados nos últimos anos e unhas denuncias con sentenza favorable interpostas polos mestres a raíz da súa situación laboral. Como principais prexudicados, 64 alumnos. P11



Cea recorrerá a sentenza que a condena pola EDAR



A Audiencia Provincial imponlle un ano e medio de cárcere e tres e medio de inhabilitación por certificar a construción da depuradora sen estar empezada. P10

“Este proxecto é ilusionante para o sector lácteo galego”



José López, xerente da Cooperativa Melisanto, fala das aspiracións de CLUN, a agrupación de cooperativas lácteas que botará a andar o día 1 de xaneiro. P3

EMPRESA

O viveiro terá o asesoramento dos mellores profesionais de España

MELIDE

O Concello recadará en 2017 a través do IBI 410.000 euros máis

COMARCA

Falece Jorge Calvo, exalcalde de Toques e concelleiro do Partido Popular

ENTREVISTA



Rocío Pérez,
Parafarmacia
O Cantón P23

**ASOCIACIÓN DE EMPRESARIOS
TERRA DE MELIDE**

27 anos ao teu servizo, 150 socios que fan medrar a comarca

Tfno: 981 50 61 88 - info@asetem.com

Lino Sexto Sánchez, 9 Baixo - 15800 MELIDE (A Coruña)

Editorial

TRUMPos modernos

Donald Trump ganou. A súa chegada á presidencia do país máis poderoso do mundo supón a instalación nas máis altas esferas do poder de ideas xenófobas, machistas e homófobas, da negación de evidencias científicas como o cambio climático, da recuperación de vellos métodos de tortura e da radicalización relixiosa da moral única.

Todas estas actitudes vitais rexeitables permanecían latentes non obstante en sectores da sociedade que resultaron ser máis amplos do que pensamos. Iso si, conservábanse no ámbito íntimo do politicamente incorrecto, do que se pensa pero non se di. Agora esas ideas antes execrables son politicamente correctas, plausibles e mesmo motivo de orgullo. A vitoria democrática de quen as representa fainas lexítimas e coa mesma lexitimidade comezan a ser exhibidas sen pudor. Faise con elas proselitismo e así a sombra vaise estendendo. Non hai máis ca mirar cara ao vello continente, converténdose nunha nova Europa na que prende e medra a semente da extrema dereita.

O que aconteceu nos EE.UU e está a acontecer ta-



mén na nosa sociedade ten múltiples explicacións, pero sen dúbida unha delas é esa política do abuso que se veu practicando na que os cidadáns votantes foron tratados coma ovellas. Esa política da impunidade, feita dende esferas altas e dentro de burbullas, allea á realidade máis básica, ao pé de rúa. Esa política cega e xorda que non quería ver nin escoitar a uns cidadáns depauperados por mor das súas decisións que ao alzar a voz para manifestarse contras as miserias ás que os abocaban foron tratados mesmo como antisistema inimigos da orde democráticamente constituída. O voto a Trump é un voto de odio e ran-

cor contra esa política. É un dicir “basta, xa non vos creo máis, prefiro que todo rache a que me sigades estafando con esta vosa democracia de tres ao cuarto”.

Por outra banda inflúe o feito de que somos educados na ignorancia e controlados por medios de comunicación de masas que nos nutren a diario de lixo delicioso convenientemente manipulado. Todos os días vemos exemplos de incultura (tamén emocional) ante os que nalgún momento non daríamos crédito e que hoxe, por normais, pasan desapercibidos.

Unha vez atontados e empobrecidos económica e moralmente, xa estamos preparados para crer que o inmigrante de pel escura é a causa de todos os nosos males: o que nos quita o traballo, a praza do noso fillo na gardería e a vez que estamos agardando para unha operación. E xa de paso permitímonos condenar todo o que é diferente, o que se escapa da norma, as minorías que tan a gusto se sentían nos tempos modernos.

Xa case falamos dos tempos modernos como tempos pasados. Tempos de regresión en todo caso. A que lles sona a igualdade de dereitos entre persoas?

Tribuna de opinión

O conservatorio

Xunta Directiva de ASETEM-CCA



Melide é un pobo pouco dado ás protestas públicas e organizadas. Dito doutro xeito, non acostuma a empregar a rúa como escenario para esixir solucións aos problemas que lle afectan. Xa que logo, cando iso sucede, pódese pensar que a cidadanía implicada está amolada dabondo.

Veciñas e veciños saíron este mes á rúa para esixir que comece canto antes o curso no conservatorio municipal despois de máis de dous meses de demora. O Concello, responsable último da contratación dos mestres e da xestión do centro, achega as súas explicacións (máis ou menos convincentes, iso é algo que deixamos ao xuízo de cada quen). Pero non son as únicas explicacións que

deberíamos coñecer. Bótase en falta un pronunciamento dende a dirección deste centro de estudos musicais e tamén dende a Inspección de Educación, partes ausentes e silenciosas neste asunto.

Tan importante é que comece o curso como arroxar máis luz sobre os verdadeiros motivos deste atraso, tan excesivo que fará inviable que a actividade se desenvolva e remate con normalidade. Pero, sobre todo, é importante dilucidar se en vindeiros anos se pode evitar esta situación que xa se viña producindo de forma reiterada. Dilucidar incluso se o conservatorio é viable no que a recursos económicos e medios humanos se refire tal e como o coñecemos ata agora.

Cerne

Edición dixital en www.asetem.com

Publicación mensual de distribución gratuíta

COORDINACIÓN E REDACCIÓN: Iván G. Blanco

EDICIÓN: Asociación de Empresarios Terra de Melide (ASETEM-CCA)

ENDEREZO: R/ Lino Sexto Sánchez 9, Melide (A Coruña)

Telf. e Fax: 981 506 188 E-mail: info@asetem.com

COLABORACIÓNS: César C. Vega, Marcus Fernández, Xosé Núñez

AGRADECIMENTOS: Pilar López, Adolfo Álvarez, Laura Díaz

IMPRESIÓN: Publicaciones Tameiga S.L.

DEPÓSITO LEGAL: OR / 57 / 84

Cerne non se responsabiliza das opinións manifestadas polos seus colaboradores

ÍNDICE

-EDITORIAL.....	2
-EMPRESA.....	3
-MELIDE.....	10
-COMARCA.....	13
-CULTURA E LECER.....	19
-COLABORACIÓNS.....	22
-ENTREVISTA.....	23

JOSÉ LÓPEZ, XERENTE DA COOPERATIVA MELISANTO

“Isto que fixemos é a primeira pedra dunha empresa que vai dar resultados”

Finalmente será CLUN (Cooperativas Lácteas Unidas) o nome co que se coñecerá o proxecto resultante da integración de Feiraco, Melisanto e Os Irmandiños; unha iniciativa que botará a andar o 1 de xaneiro e que no caso da cooperativa melidense recibiu o apoio do 96 % dos socios. O seu xerente,

José López, debulla para Cerne os aspectos principais deste proxecto “integrador e sen fronteiras” chamado a estruturar o sector lácteo galego e que el insiste en abordar dende a modestia: “non somos os salvadores de ninguén, somos xente da terra que queremos facer cousas en conxunto”.

- Melisanto dixo si á integración xunto con Feiraco e Os Irmandiños nunha cooperativa de segundo grao. Con que aspiracións nace este proxecto?

-José López (J.L.): Este proxecto é ilusionante e esperanzador para o sector lácteo e para o medio rural da comarca. Non somos salvadores de ninguén nin vimos doutro planeta. Tampouco queremos que nos poñan por aí como creadores do grupo lácteo galego. Somos xente normal, da terra, que queremos facer cousas en conxunto. Se conseguimos facer iso dunha forma eficiente lograranse os resultados agardados.

- Están os socios contaxiados da mesma ilusión que vostede transmite?

-J.L.: Tanto no caso de Melisanto como no das outras dúas cooperativas, máis do 96% dos socios dixerón que si á integración. A inquietude por facer algo en conxunto xa existía hai moitos anos; era algo que nos viñan demandando dende hai tempo. Entendemos que isto que fixemos é a primeira pedra dunha empresa que vai dar uns resultados positivos a medio-largo prazo.

- O proxecto comezará a rodar o día 1 de xaneiro. Por onde van empezar a construílo?

- J.L.: O primeiro obxectivo é optimizar os servizos que prestan as cooperativas, de xeito que poidamos reducir custos e que eses servizos cheguen a todas as explotacións dunha forma homoxénea. A día de hoxe, por exemplo, todas as cooperativas temos técnicos que son como os nosos médicos de cabeceira; saben algo de todo pero non son especialistas nunha materia concreta. A par-



tir de xaneiro formaremos e compartiremos técnicos especialistas en nutrición animal, en reprodución, en calidade do leite, en podoloxía... con formación e especialización conséguese a eficiencia.

- Completados eses aspectos técnicos, que pasos seguirá o programa de traballo?

- J.L.: Seguiremos buscando a senda da eficiencia, neste caso no que á compra de materia prima se refire. Os Irmandiños e nós xa estamos na central de compras para Galicia, Asturias e Cantabria, pero Feiraco non. Cando comecemos a mercar de forma conxunta, o desconto que temos a final de ano segundo o volume de compra será maior, porque non é o mesmo unha facturación de 15 millóns ca unha de 50. Aí xa imos aforrar custos e iso revertirá en beneficio das explotacións. Cando este proxecto

empece a funcionar estaremos transformando 152 millóns de litros de leite. En canto teñamos estrutura e se xeren recursos empezaremos a pensar en novos proxectos, como duplicar a planta de Caldas ou exportar fóra de Europa.

- Como se vai xestionar o leite que producen as tres cooperativas unha vez que se integren?

- J.L.: Primeiramente agruparemos a produción. Agora somos tres a vender o leite e a partir do 1 de xaneiro seremos un só vendedor, o que nos permitirá ter maior capacidade de negociación cos nosos clientes. Máis adiante teremos que crear sinerxias con industrias que xa existen e con novos clientes. Creemos que a venda de leite en si, tal e como está a día de hoxe, non ten moito sentido. O 60% do que se consume en España está na marca branca, que ten uns prezos

moi baixos. A nosa intención é empezar a traballar dunha forma distinta, camiñando cara ao valor engadido.

- Repercutirán todas estas estratexias no prezo do leite en orixe, que é o maior problema dos gandeiros na actualidade?

- J.L.: O prezo do leite e a busca da viabilidade futura do sector van vinculadas. Ao vender produtos con valor engadido, o prezo sube automaticamente. Ao estruturar o sector, tamén. De todas formas quen vai marcar o prezo do leite é o consumidor, que é quen estará disposto a pagar polo que temos. Somos nós os que debemos facer cousas distintas ás que estamos facendo a día de hoxe. Ao mellor hai que empezar a esquecerse de vender leite en briks e ir por outras vías, con produtos de valor engadido: iogures, leite enriquecido, queixo, man-

teiga, soro infantil...

- Neste sentido podería ser Dairylic, coa súa planta da Madanela, un bo aliado?

- J.L.: Si. Con Dairylic xa estamos falando. Presentóuselles o proxecto e estano estudando. Esta iniciativa era moi necesaria para todo o rural de Galicia pero, como toda decisión empresarial, ten os seus pros e os seus contras.

- O obxectivo final desta integración é crear un gran grupo lácteo galego?

- J.L.: Hai cooperativas en Europa que producen elas soas máis do dobre do que se produce en toda España. Existe unha en Dinamarca que produce o 90% do leite do país; 15.000 millóns de litros. España produce 7.000 millóns e as tres cooperativas que nos integramos arredor de 413. Polo tanto, temos que baixar á terra e pensar no que estamos dicindo. Para chegar ao volume das cooperativas europeas queda moito por andar, habería que dar un paso de xigante. Este proxecto vai enfocado principalmente a estruturar o sector e facelo máis eficiente e a partir de aí estar máis preparados para poder nos subir ao carro de proxectos que poidan xurdir.

- En que se inspiraron para bautizar a nova cooperativa?

- J.L.: É un nome integrador e aberto a nivel español. A este proxecto pódense unir todas as cooperativas que queiran, independentemente de onde naceran; en Ourense, en Asturias ou en Sevilla. Temos unha vontade integradora que vai máis alá das barreiras xeográficas que temos mentalmente, porque as outras non existen.

O viveiro de Melide contará co apoio dos mellores asesores de España

Dous emprendedores solicitaron xa o uso desta incubadora de empresas, inaugurada no Multiusos a finais de outubro

O viveiro de empresas de Melide xa é unha realidade. As instalacións, habilitadas no interior do Edificio Multiusos e compostas por 5 despachos e unha sala de reunións, foron inauguradas oficialmente o pasado 26 de outubro e agardan xa polos proxectos e iniciativas dos emprendedores da comarca.

Ademais da utilización do espazo físico por un prezo simbólico, os usuarios da incubadora terán acceso a formación, tutorización, consultoría, networking e estratexias personalizadas de man dos mellores profesionais de España: os da Cámara de Comercio de Santiago, cuxo viveiro foi recoñecido recentemente nun informe elaborado pola Fun-

dación de Caixas de Aforro (Funcas) como o mellor dos 600 analizados en todo o territorio nacional.

As cifras así o reflicten, pois o 80% das empresas creadas dende 2006 ao abrigo do viveiro compostelán seguen funcionando, mentres que a media nacional non chega ao 40%. “Podemos dicir que o equipo da Cámara de Santiago ten unha cualificación demostrada”, destacou na inauguración Jesús Asorey, presidente da entidade cameral, “e todo ese saber ímolo poñer a disposición do viveiro de Melide para que os proxectos non teñan patas coxas e para que non morran ao pouco tempo por falta dunha visión ampla”.

Para facer efectivo dito

asesoramento a Cámara de Comercio e o Concello de Melide aproveitaron o acto para asinar un convenio de colaboración entre ámbalas dúas entidades. A alcaldesa de Melide, Dalia García, cualificou as instalacións como “envexables e totalmente innovadoras” ao tempo que fixou como obxectivo inmediato do goberno local “constituír xa unha comisión de selección para que aqueles empresarios ou autónomos que teñan unha idea ou unha empresa constituída cunha antigüidade inferior a dous anos poidan utilizar xa este viveiro”. A ordenanza pola que se regulará xa está aprobada.

Na inauguración tamén estivo presente Javier Collado,



Asistentes á inauguración nas instalacións do viveiro

director da Fundación Incyde, entidade que achegou o 80% dos 110.000 euros que custou construír o viveiro. O 12% restante achegárono o Concello de Melide e a Deputación da Coruña. Collado augurou un futuro prometedor para a incubadora melidense, que forma parte xa da rede de 135 viveiros que a fundación Incyde ten en toda España: “tenéis la suerte de poder apoyarnos en el vivero de Santiago,

por lo que no me cabe duda de que va a ser un éxito”. En Galicia a Fundación Incyde financiou 16 viveiros polos que levan pasado 600 empresas. O de Melide prestará servizo tamén aos emprendedores dos concellos de Sobrado, Toques, Santiso, Arzúa, Boimorto e Vilasantar. A día de hoxe foron presentadas dúas propostas para instalarse na incubadora, unha de fotografía e outra de novas tecnoloxías.

O TOBO DO LOBO
COCINA E ESTADIA

Luis Seoane, 8
15800 MELIDE (A Coruña)
Tel. 981 507 773
reservas@otobodolobo.com
www.otobodolobo.com

- Luns a domingo, de 13:00 a 16:00

- Xoves, venres e sábado, de 13:00 a 16:00
de 20:00 a 00:00

- Domingo, luns, martes e mércores: ceas baixo encarga



FORMACIÓN EN ASETEM

Sen barreiras idiomáticas

O 8 de novembro deu comezo na sede de Asetem un curso de inglés básico para comerciantes e empresarios motivado polo interese da patronal por mellorar as habilidades comunicativas dos socios e socias con turistas e peregrinos. Impartido pola Academia O Pequeno Besbello, nel participan 12 persoas.



Impulsando as tendas online

Maís de trinta persoas asistiron ao taller titulado “Como impulsar a miña tenda online e posicionarme en redes sociais” que impartiu a Cámara de Comercio de Santiago nas instalacións de Asetem co obxectivo de dar unha visión xeral das posibilidades que ofrece a venda online e as novas tecnoloxías.



Profesionais no Camiño

Turismo de Galicia celebrou en Melide unha nova xornada de formación orientada ao sector da hostalería dentro do programa “Profesionalización no Camiño”. O obxectivo desta iniciativa é lograr unha mellora no nivel da atención que se lle presta ao cliente, especialmente ao peregrino.



POR SER DE XUSTIZA

A pensión de alimentos dos fillos maiores de idade



Eva Novás
Avogada

Nos procesos de familia os alimentos dos fillos son unha das cuestións máis controvertidas, tanto para fixar a súa contía como para determinar a súa duración, e moitas veces orixinan unha auténtica batalla entre as partes. Cando se fala da pensión de alimentos acostumamos pensar na que lles corresponde ós fillos pequenos en caso de separación ou divorcio dos pais, pero non debemos esquecer que non só os fillos teñen dereito a recibilos: a lei tamén lles recoñece este dereito aos cónxuxes, aos ascendentes e aos descendentes e incluso aos irmáns entre si nalgúns casos.

Cando quen recibe a pensión de alimentos é un fillo maior de idade, o conflito case sempre se agrava debido á crenza equivocada de que unha vez que os fillos deixan de ser menores remata automaticamente a obriga dos pais de darlles alimentos. Cómpre dicir que este dereito dos fillos non acaba polo feito de cumprir dezoito anos senón (e aquí vén a dificultade máis grande) polo feito de ser independentes economicamente e poder procurar por eles mesmos o sustento, algo que por desgraza na situación actual non sempre é doado, por non falar dos mozos e familias que debido ás dificultades tiveron que volver á casa dos pais e dos avós.

Hai que ter claro que este dereito dos fillos comprende todo o indispensable para o sustento, a habitación (vivenda), vestido e a asistencia médica, así como o necesario para a educación e a instrución dos menores. Tamén para a formación dos maiores de idade mentres quen os reciben non rematen esta formación por causas que non lles sexan imputables. Este é o matiz máis importante, que vén a significar que quen reciba alimentos o faga por necesidade pero teña boa disposición para ser independente: que non se trate dun “nini”, que nin estuda nin traballa.

Cada vez son máis as sentenzas que extinguen a pensión de alimentos dun fillo maior de idade pola pouca aplicación ou interese polo estudo ou o traballo. Foi moi comentada unha recente resolución da Audiencia Provincial de Pontevedra por extinguir a pensión a un fillo de dezanove anos por estas razóns. A Audiencia definía a actitude do mozo como oportunista e reprendíao, razoando que se lle quitaba a pensión porque, literalmente, “abandonó los estudios a los 14 – 15 años, negándose a seguir haciéndolo, y, además, ni trabaja, ni ha trabajado, ni aprendido oficio alguno, ni, en suma, se ha interesado por buscar ocupación de tipo alguno”, acusándoo de vivir “despreocupado de toda tarea, de su porvenir y de su condición de carga para sus padres sin esfuerzo o compensación alguna por su parte”.

Estes casos son os menos e, no outro extremo, tamén se recoñece xudicialmente o dereito á pensión a fillos de trinta anos baseándose na súa conduta responsable e aplicada e, sobre todo, en que non exista unha posibilidade concreta e real de exercer un traballo que lles permita ser independentes pese a ter vontade e disposición. Debe ser unha posibilidade de traballo real, non meros traballos esporádicos ou expectativas tendo en conta que, nos tempos que corren, os títulos non son sempre garantía de emprego.

Por estes motivos, antes de lanzarse a longa batalla polos alimentos, xa sexa para pedilos ou para extinguilos, cómpre analizar e estudar cada caso de forma obxectiva, completa e individual tanto no que se refire á situación e necesidades de quen os vai a recibir como á situación económica e ás posibilidades reais de quen está obrigado a dalos.

Eva Novás Mato
Avogada

Rúa San Antón, nº 5 - MELIDE
Tlfs.: 981 50 72 18 / 662 30 26 18

EMPRENDEDORAS EN MELIDE

SESÉ PACÍN GARCÍA, “MEDUSA SHOP” (Ronda da Coruña, nº 26)

Medusa Shop abre unha nova etapa co lanzamento da venda online

Como unha nena con zapatos novos Sesé Pacín, promotora e alma mater de Medusa Shop, fala do novo proxecto no que se acaba de embarcar tras algo máis de dous anos á fronte da tenda de moda para muller que abriu na Ronda da Coruña: a venda online a través da súa propia páxina web.

www.medusashop.es está xa en funcionamento e non tardará moito en incorporar todas as prendas que estean á venda na tenda física “y muchas más” clasificadas por apartados: accesorios e bixutería, calzado, camisas e blusas, camisetas Medusa, camisetas Miss Rock, chaquetas e cazadoras, chaquetóns, jeans e pantalóns, xerseis e suadoiros, tops, vestidos e monos.

É simplemente cuestión

de tempo, o mesmo que Sesé Pacín administra con prudencia antes de tomar decisións. Ela é unha emprendedora á que lle gusta ir “pasito a pasito”, pero pisando con firmeza, cunha ilusión que contaxia e tendo sempre moi claro o que quere facer, como e ata onde pode chegar.

A idea agora feita realidade de crear unha tenda online estivo presente para Sesé Pacín dende o día un, cando botou a andar o negocio, consciente de que as tendas físicas “tenderán a desaparecer” e que o novo comercio está en internet. “Eso es una realidad como un planeta”, asegura, “el modo de negocio antiguo de estar sentada en una silla esperando a que la gente entre se acabó. Si lo haces, en in-

vierno te mueres de hambre. Hay que avanzar con la vida y la vida es esto”.

A aposta polas novas formas de venda vén dada en parte pola boa acollida que tivo a páxina de Facebook de Medusa Shop, a través da cal tamén se pode acceer á web e na que se colgan con regularidade diferentes looks feitos con roupa da tenda. Algún dos posts chegou a orixinar en só unha fin de semana máis de 80 pedidos. O empurrón final veu dado polo éxito da colaboración con Miss Rock, marca detrás da que se agocha Marissa Sánchez, embarcada no deseño de camisetas: “somos dos mentes inquietas que empezamos a colaborar por empatía personal y que al final nos ha salido muy bien, nuestros diseños se ven-



den mucho”.

Sesé Pacín ten claro que a parte online da súa tenda irá ganando cada vez máis terreo. Pero será, como todo, cuestión de tempo e de prudencia. Polo de agora xa considera “una satisfacción personal” ver como o negocio colle bo rumbo e vai medrando: “yo empecé esto de

la nada. Puse el suelo, pinté las paredes, el techo, puse las pegatinas, compré el mobiliario de segunda mano... todo lo hice yo y me siento orgullosa como mujer, con lo difícil que es, por conseguir levantar la cabeza partiendo de una situación tan complicada como era la mía”.

RUT GALLEGO GONZÁLEZ, “SISUKA” (Rúa do Convento, nº 20)



-Deulle un novo empuxón ao negocio mudando de local. A que obedece este cambio?

-Rut Gallego (R.G.): É o segundo que fago en algo máis de catro anos que leva aberta a tenda. O primeiro fíxeno por buscar unha situación mellor e este obedece máis ca nada

a razóns de espazo. A outra tenda quedábaseme moi pequeniña, tiña moita roupa en pouco espazo e non podía amosala ben. Co cambio ganei moitos metros cadrados: antes tiña 140 e agora teño 130 na planta inferior e outros 130 na planta de arriba e a maiores o almacén.

“Son moitas as melloras que notará a clientela con este cambio de local”

-Vostede ganou metros. Que gana a clientela coa nova localización?

-R.G.: O primeiro, comodidade. Agora pódese andar a gusto pola tenda e incluso pode entrar unha nai cun carriño de bebé e desprazarse por ela sen problema. Por outra parte, a roupa está exposta de forma diferente: ao ter sitio podo sacar máis mercancía e ordenar todo por estilos, por cores... non ten nada que ver ca outra tenda. Á hora de probar a roupa tamén notarán a diferenza; agora temos tres probadores e antes tiñamos dous súper escasos. Tamén habilitamos unha zona para os nenos e outra para os vestidos de festa cuns pequenos sofás nos que poden agardar comodamente as acompañantes das mozas

que veñen mercar mentres miran e proban. Antes non había zonas para ningún, estabamos apertadas e ao probar un vestido de festa xa parecía que non dabas nin saído do probador. O escaparate é máis amplo, a iluminación mellor... son moitas as melloras que vai notar a clientela.

-Agora que ten marxe para introducir máis mercancía, está pensando en traer novas liñas de roupa ou artigos que ata agora non tivo?

-R.G.: De momento non teño pensado cambiar o estilo de roupa porque este polo que apostei é o que me funcionou e o que me deu de comer ata agora. Creo que vou seguir por ese camiño. O que pode acon-

tecer é que comece a traballar con algunha marca nova ou que traia máis roupa de marcas que xa teño. Se algún día abro ao público a planta de arriba poida que meta prendas para home ou máis de cerimonia. Realmente non o sei...

-Que prendas hai en Sisuka que non poden faltar no armario este outono-inverno?

-R.G.: O produto estrela desta tempada, e de todos os invernos, son os xerseis; sobre todos os abrigosos e os que teñen algún detalle orixinal, os que son coloridos ou de pelo, que se leva moito. Agora que está chegando o frío tamén se empezan a vender os chaquetóns. O tempo inflúe moito nos armarios.



*Viños e licores,
os mellores
detalles de Nadal*



Casa Juanito



Más de 100 años de prestigio y calidad

Especialidad en:

Pimentón Legumbres

Bacalao Vinos Licores



Gran surtido en cestas de navidad y baúles
Regalos navideños con productos conocidos y de prestigio

Mateo Segade Bugeiro, 39 - MELIDE / Tfno e Fax: 981 50 51 03 / casajuanito1910@gmail.com

ENTREVISTA: JUAN SEGADE, ATHENEA FOTO ESTUDIO

“Apostei por especializar o estudo en fotografía para bebés e para vodas”

- Como xurdiu a súa vocación de fotógrafo?

- **Juan Segade (J.S.):** Foi de pequeno, probablemente cando me regalaron a típica cámara que disparas e che sae un boneco pola parte de diante. Xa daquela imitaba aos fotógrafos e as súas poses. Despois no instituto coñecín a alguén que se dedicaba á fotografía e que me deixou probar unha reflex das analóxicas. Tiven claro que eu quería unha cámara así para min e cando me puxen a traballar merquei unha. Empecei como afeccionado pero axiña pensei en dedicarme a isto e ter o meu estudio propio. Pouco apouco, traballando, aforrando e facendo cursos fun chegando. Síntome privi-

lexiado porque pouca xente pode dicir que se dedica ao que lle gusta.

- **Que servizos ofrece no seu estudio?**

- **J.S.:** O que se acostuma a ofrecer nunha tenda de fotografía: fotos, revelado, fotos para carné, bautizos, vodas, comuñóns... No meu caso apostei por especializar o estudo en fotografías de bebés e de voda. De feito acabo de investir 6.000 euros en cámaras de gravación 4 k e nun dron para que a partir de 2017 as vodas, ademais de ter a máxima calidade en foto, tamén a teñan en vídeo. Interésame ofrecer a máxima calidade a un prezo razoable. Hai moitos fotógrafos que non ofrecen esa

calidade que a min me gusta ver na foto; que por exemplo nos vestidos de comuñón se aprecie ata o mínimo detalle, que se conten ata os fíos. Gústame esa calidade.

- **Como se lle presenta a tempada?**

- **J.S.:** Ben, hai volume de traballo. Abrín hai moi pouco tempo e só na primeira semana xa contratei tres vodas, dúas comuñóns e dous bautizos. En total teño contratadas 9 vodas. Hai traballo suficiente para o ano. E o que veña!

- **No seu traballo a parte artística ten moito peso. Apóstase cada vez máis pola orixinalidade?**

- **J.S.:** Cada vez hai que arris-



carce un pouco máis e buscar cada ano algo que non fixeras o ano anterior. Hoxe en día a xente cánsase axiña da foto normal e quere cousas diferentes constantemente. Hai que adaptarse rápido e darlle á cabeza seguimento. Ademais de ter ideas propias débense buscar outras e aprender dos demais. En xeral búscase a orixina-

lidade e a espontaneidade. Fóxese da pose. A min gústame ter un contacto estreito cos clientes, tanto saber o que queren como para coller confianza e que se sintan tranquilos cando comezo a tomar as fotos.

- **Cal é a parte mala dunha profesión tan vocacional coma esta?**

- **J.S.:** A cantidade de horas que lle hai que dedicar. Antes coa fotografía analóxica sacabas a foto, revelabas e saía ben ou mal. Agora coas novas tecnoloxías, o Photoshop e o retoque dixital... necesitas dedicarlle moito tempo a cada unha. A min gústame facer o traballo artesanal, procesar foto por foto, maquetar o álbum de forma manual, sen plantillas. Iso supón máis tempo pero tamén que cada traballo que sae do estudio sexa único.

- **Cal é o seu fotógrafo de cabeceira?**

- **J.S.:** Sempre me gustou moito Ansel Adams, coñecido polas súas fotografías en branco e negro. Foi un mestre. Son fanático da fotografía en branco e negro e sempre meto algunha en todos os meus traballos. Gústame xogar coas escalas que hai entre o branco puro e o negro e a poder ser que aparezan todas reflectidas na mesma fotografía.



DEGUSTACIÓN DE PORCO ENTEIRO Á BRASA NA PARRILLADA PILMAR

Fancedo honra ao nome do establecemento e a unha das especialidades polas que é coñecida, Parrillada Pilmar preparou para os seus clientes habituais e achegados un porco enteiro á brasa. Nos fogóns contou coa axuda dun parrilleiro arxentino, Manuel, que sen dúbida foi clave do éxito que tivo esta xornada de degustación.



Salóns privados

**CELEBRA O NADAL CON NÓS
RESERVAS PARA CEAS DE EMPRESA**



RESTAURANTE PARRILLADA PILMAR
MARIÑO

- DESAYUNO • MENU
- COMIDAS PARA GRUPOS
- ESPECIALIDAD EN CARNES AL A BRASA

Santa María, s/n.
15800 MELIDE (A Coruña)

Tlfnos.: 981 50 76 17
606 59 04 46

**ESPECIALIDADE EN CARNE
E PESCADO Á BRASA**

MENÚ DO DÍA



Cea recorrerá a sentenza que a condena polo caso da depuradora do polígono

A Audiencia Provincial imponlle un ano e medio de cárcere e 3 anos e medio de inhabilitación por prevaricación e falsidade documental

A Audiencia Provincial da Coruña ven de condenar a Socorro Cea Vázquez, alcaldesa de Melide entre os anos 2007 e 2011 polo BNG, como autora dun delito de falsidade en documento oficial e outro de prevaricación administrativa por asinar como acabadas as obras de construción dunha depuradora na Madanela cando estas nin sequera se tiñan comezadas.

A exalcaldesa foi condenada a un ano, seis meses e un día de prisión, así como ao pago dunha multa de 640 euros polo delito de falsidade en documento oficial. É a mesma condena que recaeu sobre Ricardo Aneiros, arquitecto do Concello de Melide cando se produciron os feitos. Ademais, Socorro Cea deberá cumprir tres anos, seis meses e un día de inhabilitación para o exercicio de emprego ou cargo público. O terceiro dos imputados, Xavier Uría, xefe da obra que nunca chegou a realizarse, quedou absolto de todos os cargos contra el formulados.

Recurso de apelación

Contra esta sentenza a exalcaldesa presentará recurso de apelación ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia



Socorro Cea camiño da Audiencia Provincial da Coruña o día que prestou declaración

antes de que remate o mes de novembro, tal e como lle confirmou a este xornal. “Respecto a sentenza pero non a comparto”, explica Socorro Cea, “sigo defendendo a miña plena inocencia e agardo que cedo ou tarde se faga xustiza”. En caso dun novo veredicto desfavorable aínda cabería a posibilidade de apelar ante o Tribunal Supremo.

Cronoloxía dos feitos

O proceso penal polo que resultou condenada Socorro Cea

xurdiu a raíz da sinatura dun convenio en setembro de 2008 entre o Concello de Melide e a Consellería de Industria polo que a administración autonómica se comprometía a achegar unha subvención de 366.000 euros para construír unha Estación Depuradora de Augas Residuais (EDAR) no polígono industrial.

En decembro de 2009, a efectos de non perder dita subvención e seguindo indicacións recibidas dende a Xunta a través de dous correos elec-

trónicos, asíñase a adxudicación definitiva das obras. Días máis tarde o arquitecto municipal emite unha certificación na que se afirmaba que os traballos foran executados (malia que non chegaran a iniciarse). Dita certificación foi rubricada posteriormente pola alcaldesa, para o cal tivo que ditar un decreto e levantar os reparos recollidos nun informe elaborado polo servizo de Intervención no que se advertía da omisión no expediente “de requisitos y trámites esenciais”, segundo recolle a sentenza.

As obras da EDAR non chegaron a realizarse e a subvención tampouco se cobrou. En abril de 2010 o convenio resolveuse por acordo do conselleiro de Industria e un mes máis tarde, en maio, o PP de Ánxeles Vázquez, que por aquel entón estaba na oposición, presentou unha denuncia no Xulgado de Arzúa contra todos os membros da Xunta de Goberno Local do bipartito BNG-PSOE. A querela foi admitida a trámite e en base a ela a fiscalía pediu para a alcaldesa nacionalista 4 anos de cárcere e 8 de inhabilitación.

Argumentos de defensa
Dende o momento en que se

coñeceu o escrito de acusación da fiscalía, Socorro Cea sostivo que a súa actuación no asunto da EDAR do polígono estivo sempre presidida “pola defensa e garantía do interese público xeral” e fixo fincapé en que “non houbo dano económico para a facenda municipal ou autonómica”, pois o importe da subvención nunca chegou ás arcas do Concello, algo que reconece a sentenza emitida pola Audiencia Provincial: “el Concello de Melide no hizo desembolso alguno con cargo a esta obra, ni recibió subvención alguna por ella”.

Por outra parte Cea tamén insistiu en que a súa actuación foi “consecuencia directa” das indicacións realizadas dende a Consellería para non perder a subvención, “tal e como se fixo noutros concellos”.

O contido da sentenza

Eses foron tamén os principais argumentos de defensa da exalcaldesa, argumentos que, en virtude do exposto no veredicto da Audiencia provincial, non convenceron aos maxistrados.

A sentenza recolle que tanto Cea como Xavier Aneiros actuaron voluntariamente “y con plena conciencia de que ese documento [a certificación] no reflejaba la realidad material de la obra”. A isto engade que a exalcaldesa “era plenamente consciente de que lo que se afirmaba en el documento era falso, que fue expresamente advertida de la improcedencia de su elaboración y de las consecuencias que llevaba aparejada”.

Tamén se refire ao levantamento dos reparos feitos por Intervención, dicindo que é unha actuación que “responde claramente a la finalidad de eludir los controles administrativos destinados a garantizar el normal funcionamiento de la administración pública y permitir que la trama falsaria urdida resulte eficaz para la obtención de la subvención”.

Tampouco prosperaron os motivos de exculpación referidos á urxencia coa que se actuou para non perder a axuda autonómica. Dita urxencia, tal e como recolle a sentenza, “bajo ningún concepto puede justificar un acto unilateral contra la norma y contra la propia realidad material.”



Rolda de prensa de Ánxeles Vázquez en 2010 para dar conta das investigacións xudiciais a raíz da denuncia interposta polo PP sobre o caso da depuradora

Protestas tras 2 meses de atraso no inicio de curso no conservatorio

O Conservatorio de música de Melide segue sen dar inicio ao curso académico dous meses e tres días despois da data legal establecida pola Xunta para o comezo das clases nos centros de toda Galicia.

Malia as previsións do goberno local de pechar “de forma inminente” a contratación dos mestres, aínda sen realizar, os pais e nais do alumnado prevén continuar coas concentracións semanais diante da casa consistorial que iniciaron o pasado 11 de novembro para esixir unha rápida solución á paralización do centro. “Todo é inminente pero a inminencia non dá chegado e mantemos as protestas para que polo menos saiban que seguimos aquí”, indican dende a Anpa do conservatorio municipal, que ao peche de edición deste xornal non tivera “ningunha comunicación oficial” sobre o inicio do curso.

A alcaldesa, Dalia García, asegura comprender as protestas, que ao seu xuízo derivan “dunha preocupación normal por saber como está o proceso”. A rexedora insiste en atribuír o atraso no inicio do curso ás sentenzas condenatorias que chegaron ao Concello logo das denuncias presentadas en xuño polos mestres do centro en relación co xeito no que estaban a ser contratados nos últimos anos.

“As demandas son transversais ao proceso de contratación”, indica a rexedora, “nunca se quixo negociar. Aquí chegaron as sentenzas en setembro e houbo que tomar decisións para encaixar o puzzle e garantir a supervivencia do conservatorio”. Dalia García dá por feito que, completados os trámites administrativos e redactados os contratos “con algunhas modificacións” logo de “estudar as



Concentración realizada ante as portas do consistorio o pasado 11 de novembro

necesidades do centro”, agora a pelota está no tellado dos mestres. “Teñen a opción de asinar o contrato e comezar as clases”, manifesta.

Vítimas, non verdugos

O profesorado do conservatorio tamén saíu á palestra para dar a coñecer a súa postura neste conflito e descartar calquera tipo de culpabilidade: “queremos deixar claro que so-

mos vítimas e non verdugos e que lo único que pretendemos es poder hacer bien nuestro trabajo en tiempo y forma por el bien del conservatorio y de los alumnos, que son los principales damnificados”, explicaron a través dun comunicado.

No mesmo documento apuntan ao Concello como único responsable de que non se realizaran as probas de selección de mestres ata o mes

de outubro. Explican tamén que decidiron tomar accións legais para normalizar a súa situación ante “el poco interés” demostrado polo goberno local logo de trasladarlle no mes de xuño os problemas que existen no centro, entre eles o atraso reiterado no comezo das clases, o “abandono” das aulas ou condicións laborais do profesorado. As sentenzas estanlles dando a razón.

Reclusos e maiores intercambian experiencias no Centro de Día



Un grupo de 8 internos do centro penitenciario de Teixeira, participantes na Estratexia de Inclusión Social de Galicia 2014-2020, visitaron este mes de novembro o Centro de Día de Melide. Dita visita tivo unha duración de cinco horas durante as cales os internos lle ensinaron aos usuarios como elaborar cestas con papel reciclado. Tamén lles entregaron traballos realizados por eles nos obradoiros ocupacionais do cárcere e intercambiaron experiencias.

Os internos que participaron nesta actividade forman parte do “Programa Nelson Mandela” que se desenvolve no módulo 1 de Teixeira, enfocado á inserción laboral e social dos reclusos. Dito programa tamén conta cunha escola de pais, cursos de alfabetización informática ou clubs de debate.

Servizos Sociais forma 15 persoas para unha mellor inclusión laboral



Quince persoas participan no curso de alfabetización básica para cidadáns en risco de exclusión social que se está a impartir en Melide dende o pasado 24 de outubro. O obxectivo final desta actividade impulsada pola concellería de Servizos Sociais é achegarlle ao alumnado formación en conceptos básicos para conseguir unha óptima inserción no mundo laboral. Os participantes están a recibir tres horas de clase ao día ata o próximo 21 de novembro, data de finalización do programa. Durante a inauguración de dito curso a concelleira de Servizos Sociais, Chus López Mourón, quen insistiu na necesidade de “seguir estas liñas de actuación co fin de orientar e apoiar un dos sectores máis vulnerables da sociedade”. A formación está a ser impartida pola Fundación Radio Ecca.

Piden solución para a fochanca da Rúa Galicia

O partido socialista de Melide insta ao goberno local a actuar sobre a fochanca de grandes dimensións e profundidade que se formou hai preto de dous meses na confluencia da Rúa Galicia coa Praza das Universidades ao ceder o terreo. Trátase dunha zona problemática en materia de saneamento, o que obrigou a realizar tres obras dende 2011 para evitar que as augas fecais decorresen pola rúa ao producírense chuvias intensas. Segundo os socialistas o goberno local non planificou ben os traballos, polo que instan á alcaldesa, que culpou á Deputación, a “investir o tempo en buscar solucións e non en buscar culpables”.

O Concello recadará máis polo IBI pese á baixa no tipo impositivo

O goberno local vén de aprobar unha redución do 0,02% no tipo impositivo do Imposto de Bens Inmóveis (IBI). A partir do 1 de xaneiro de 2017 pasará do 0,50% actual ao 0,48% e permitirá unha actualización á baixa dos recibos da contribución.

Segundo explican dende o Concello, esta rebaixa obedece á intención de priorizar o benestar “dado o esforzo dos veciños e veciñas ao terse realizado a regularización catastral”. Noutras palabras, o que persegue o executivo melidense con esta medida é compensar os efectos do polémico catastrazo facendo uso da “autonomía limitada” que ten a administración local sobre este gravame: “só podemos modificar o tipo impositivo, xa que o resto depende das leis do catastro”, explican.

Dita rebaixa foi apoiada polo grupo municipal socia-

lista pero non sen críticas cara a unha medida que definen como “un caramelo envelenado”. Segundo o PSOE, “o suposto beneficio fiscal que quere vender a alcaldesa” chega despois de que o Concello actualizase un 10% o valor catastral dos bens inmóveis durante os tres últimos anos e tamén despois da regularización impulsada en 2014 polo Ministerio de Facenda que, denuncian, se fixo en base a valores dos anos de bonanza económica de xeito que se en moitos casos se estableceron valores catastrais superiores aos prezos de mercado actuais.

“Despois de que os veciños pagaran neste ano centos de miles de euros en atrasos do IBI, é vergonzoso que propoñan unha rebaixa do recibo de contribución de apenas 10 euros. Estanse rindo abertamente de Melide”, afirma o

O IBI NA COMARCA		
Concello	IBI Urbano	IBI Rústico
Melide	0,48%	0,48%
Sobrado	0,55%	0,75%
Santiso	0,45%	0,35%
Toques	0,41%	0,60%

voceiro dos socialistas, José Antonio Prado.

Pola súa parte o PP recorda que o catastro xa debería de terse actualizado “hai dez anos” e que a regularización “era obrigatoria”, ao tempo que asegura actuar con prudencia porque a súa prioridade é “seguir prestando servizos de necesidade en todos os recunchos do concello”.

Maior recadación

Precisamente grazas a esa actualización catastral, que non se facía en Melide dende 1994, déronse de alta arredor

de 3.500 edificacións no municipio; contando a venda nova, as construcións reformadas e os inmóveis xa construídos que nunca antes tributarán.

En termos económicos, e segundo un informe elaborado polo departamento de Intervención, esas novas altas traduciranse en 2017 nun ingreso extra para as arcas municipais de 410.300 euros. Este ano recadáronse 1,6 millóns polo cobro do IBI, 86.000 euros máis do previsto no orzamento.

Novo equipamento para o punto limpo do polígono

O Concello de Melide vai incrementar os servizos do seu punto limpo, ubicado no polígono da Madalena, coa instalación dunha balanza e a compra dun transpalé que facilitarán o manexo dos residuos máis voluminosos. Por outra banda, tamén se instalará unha marquesiña para depositar os aparellos eléctricos. A incorporación destes novos servizos será posible grazas á sinatura dun convenio coa FE-GAMP e á colaboración da Consellería de Medio Ambiente. No punto limpo recóllese de xeito gratuito todo tipo de residuos que non poden ser depositados nos contedores de lixo normais, como pode ser o caso dos mobles, cascallos de obras ou restos de podas.

Protestas polo despedimento dun traballador estando de baixa



O supermercado Gadis de Melide foi escenario pasado día 11 dunha concentración de protesta para denunciar o despedimento dun traballador mentres se atopaba de baixa por ansiedade e para reclamar ao mesmo tempo a súa readmisión. No acto participaron traballadores do establecemento e membros da CIG-Servizos, quen denunciaron que a empresa recorreu á figura do despedimento disciplinario, contemplado na reforma laboral, e xustificou a súa decisión baseándose “nunha suposta baixa de rendemento”. Dende o sindicato desbotan este argumento alegando que “é imposible medir o rendemento de alguén que está de baixa”. A GIG denuncia que dende 2014 Gadis está a botar man deste tipo de despedimentos de forma reiterada ante casos de enfermidade.

Desconcerto en empresas e asociacións ante a chegada dos trámites telemáticos

A entrada en vigor o pasado 1 de outubro das modificacións realizadas na lei sobre procedemento administrativo común, entre as que se inclúe a obriga de comunicarse por vía electrónica coas administracións públicas, está traendo de cabeza aos diferentes sectores da poboación afectados por estas novas cláusulas legais, isto é: a empresas constituídas como sociedades anónimas ou limitadas, a asociacións de todo tipo e mesmo a comunidades de veciños, entre outros.

No caso do Melide, e para dar cumprimento á lei, esixírase de xeito inminente por parte do funcionariado que as comunicacións co Concello se realicen por vía electrónica. Non obstante, o descoñecemento entre a cidadanía é xeneralizado e tamén entre o empresariado do municipio, que ignora como serán a partir de agora as súas relacións coa

administración local á hora de presentar unha factura de contía inferior a 5.000 € ou de realizar algúns dos supostos que contempla a nova lei: formular

Asetem pide que o Concello informe aos empresarios sobre os cambios e a medida en que ser verán afectados

solicitudes, presentar declaracións responsables, iterpoñer recursos, desistir de accións ou renunciar a dereitos.

Ante esta situación, e como representantes do sector, a Asociación de Empresarios Terra de Melide (Asetem) vén de solicitar que responsables

do Concello manteñan unha reunión co tecido empresarial para informar polo miúdo sobre o funcionamento da administración electrónica e coñecer en que medida lles afectará.

Nun escrito dirixido á alcaldía o presidente da patronal, Manuel Vázquez, pide que se especifiquen os procedementos que a partir de agora se deben facer de xeito telemático e a forma en que hai que realizalos. Tamén solicita saber se está prevista a aprobación dalgunha ordenanza en materia de rexistro telemático e, de ser o caso, que se explique en que medida facilitará as xestións dos empresarios. Ademais a patronal desexa coñecer se o Concello tamén se comunicará cos interesados por vía electrónica e se cumprirá pola súa parte coa obrigas que en breve espazo de tempo lle esixirá á cidadanía.

Pesar en Toques polo falecemento do exalcalde popular Jorge Calvo

Familiares, amigos, representantes públicos e veciños de Toques desprazáronse o pasado 2 de novembro ata o tanatorio de Boisaca, en Compostela, para darlle o último adeus ao que foi rexedor do municipio entre os anos 2009 e 2013; Jorge Calvo, falecido a causa dun cáncer de esófago contra o que levaba tempo loitando.

O exalcalde, de 64 anos, era unha persoa moi coñecida en Toques tanto pola súa actividade pública como membro da corporación municipal, da que formou parte representando ao Partido Popular durante 9 anos (catro deles en calidade de alcalde), como polo seu traballo de médico no centro de saúde do concello, onde exerceu durante máis de dúas décadas.

Calvo seguiu sendo titular da praza e concelleiro ata o derradeiro día, aínda que no último ano a enfermidade apartouno da práctica profesional e tampouco lle permitiu cumprir coas súas obrigas como edil. “Quédanos del o recordo de que era un bo médico, un bo amigo e un bo compañeiro de partido”, sinala o concelleiro popular Arturo Penas, man dereita de Calvo durante os seus anos como rexedor. “Tiña un carácter reservado pero era unha persoa moi responsable”, engade.



Jorge Calvo en marzo de 2014 presidindo o pleno municipal

Contribuíu ao cambio

Nacido en Santiago de Compostela en 1952, Jorge Calvo Pestonit deu o salto á política nun momento convulso para Toques. Fíxoo de man do socialista Miguel Buján, que nos meses previos ás eleccións municipais de 2007 tratou de impulsar un proxecto político independente para propiciar un cambio no goberno local e desaloxar do poder ao polémico rexedor Jesús Ares. “Buscaba xente con ideas, persoas que tivesen algo que aportar, e pensei que unha delas podía ser Jorge Calvo”, declara o agora tenente de alcalde.

Finalmente naquelas eleccións Calvo encabezou a lista do PP e Buján a do PSOE. Xunto co BNG forxouse un

tripartito que accedeu ao poder e marcou un antes e un despois no municipio. “As negociacións non foron fáciles e tampouco os anos de goberno”, reconece Buján, quen agradece ao mesmo tempo o papel desenvolvido por Calvo: “contribuíu ao cambio político en Toques”.

En aras dese acordo Jorge Calvo accedeu á alcaldía no ano 2009. En 2011 encabezou de novo as listas do PP e grazas a outro pacto de goberno, nesa ocasión cos independentes de Xuntos Cara ó Progreso de Toques, repetiu como rexedor ata 2013. Na actualidade formaba parte da oposición como edil do PP. A súa vacante será cuberta por Francisco Javier Sueiro Villamor.

Os orzamentos pragmáticos que Santiso aproba a finais de ano

INGRESOS	
Transferencias correntes	819.932 €
Transferencias de capital	116.023 €
Impostos directos	330.700 €
Taxas e outros ingresos	99.700 €
Ingresos patrimoniais	1.500 €
TOTAL INGRESOS	1.367.856 €
GASTOS	
Bens correntes e servizos	737.127 €
Gastos de persoal	431.313 €
Investimentos reais	159.657 €
Transferencias correntes	38.100 €
Gastos financeiros	1.659 €
TOTAL GASTOS	1.367.856 €

Cando a maioría de Concellos comezan xa a pensar nos orzamentos de 2017, o de Santiso acaba de aprobar agora as contas de 2016. A tardanza vén motivada polos polas reiteradas interinidades na secretaría que o consistorio arrastra dende vello e a súa aprobación non obedece tanto a unha necesidade real como a cuestións pragmáticas: “había que sacar adiante incentivos, bolsas de estudo e natalidade e subvencións nominativas que daban máis traballo seguindo outros trámites burocráticos. Á secretaría pareceulle máis seguro facelo así”, explica o rexedor, Manuel Adán, quen reconece que “o lóxico sería aprobar os do ano que vén pero estes seguro que servirán de base para 2017”.

O Plan de Emprego da Deputación crea 16 postos de traballo na comarca

PLAN DE EMPREGO LOCAL 2016				
Concello	Persoas contratadas	Importe concedido	Variacións 2016-2015	
			Importe	Contratos
Melide	5	46.000 €	+ 34.600 €	+ 3
Sobrado	5	22.000 €	+ 14.350 €	+ 3
Santiso	3	25.000 €	+ 17.350 €	+ 1
Toques	3	19.000 €	+ 11.350 €	+ 1

O Plan de Emprego Local (PEL) 2016-2019 impulsado polo goberno provincial cun orzamento de 30 millóns e o obxectivo de estimular a creación de novos postos de traballo nos sectores público e privado permitiu que 16 persoas fosen contratadas este ano polos concellos da Terra de Melide. Son o dobre das contratadas en 2015 ao abeiro do plan de cuadrillas municipais existentes ata o momento.

Este incremento no número de contratos foi posible polo aumento dos importes concedidos pola Deputación par tal fin. No caso de Melide o incremento foi do 303%, en Santiso do 226%, en Sobrado do 187% e en Toques do 148%.

Nos primeiros seis meses de actividade, e a través das liñas de apoio ás contratacións nos concellos, o PEL permitiu a inserción laboral de 519 persoas nos 82 municipios coruñeses de menos de 20.000 habitantes, incrementando nun 138% as contratacións con respecto a 2015. A comarca de Compostela, na que se integran os concellos da Terra de Melide, foi a máis beneficiada, coa creación de 129 empregos. En Bergantiños creáronse 127, en Ferrolterra 102, na Coruña 81 e no Barbanza 79. A maioría dos contratados eran parados maiores de 45 anos e persoas con máis de dous anos en situación de desemprego.

O banco de alimentos de Santiso terá un funcionamento estable e regulado

O goberno de Santiso está a traballar na posta en marcha dun banco de alimentos municipal con vocación de permanencia no que se recollan e entreguen produtos cunha periodicidade regular. O executivo local busca, en definitiva, darlle estabilidade e estrutura organizativa a unha iniciativa que nos últimos anos se viña realizando de xeito puntual (ante necesidades concretas ou datas especiais) para paliar as carencias que os servizos sociais municipais non son quen de cubrir.

A intención inicial é realizar tres campañas de recollida ao ano (en Semana Santa, no verán e antes do Nadal), nas que ademais de alimentos se reúnan tamén xoguete e roupa. Os puntos de recollida están aínda por determinar pero dende o equipo de goberno aseguran que non só se limitarán ao termo municipal de Santiso, senón que tamén se incluírán establecementos comerciais da comarca (Melide e Arzúa principalmente), así como algún supermercado da cidade da Coruña. De cum-



Os excedentes alimentarios serán doados a ONG's

pírense as previsións, a primeira campaña de recollida comezará a finais deste mes.

As familias necesitadas do concello serán as principais destinatarias dos produtos, aínda que no caso de haber excedentes faranse entregas a asociacións solidarias ou ONG's. "Tan importante é xuntar alimentos como saber o que se vai facer con eles", apuntan fontes do goberno local. O que se quere evitar en todo momento é a acumulación excesiva de material,

como acontece coa roupa amoreada nas dependencias municipais procedente de campañas anteriores: "algunha leva alí máis de seis anos e tamén queremos darlle saída dalgunha forma".

Na actualidade hai en Santiso 10 familias con necesidades. Cinco cativos acoden con regularidade a recoller roupa e xoguete. "Parece pouco pero é moito se temos en conta a poboación do concello e que no colexio están matriculados só 40 alumnos".

Aposta polo aforro enerxético

O Concello de Toques acaba de completar a substitución das lámpadas de 230 farois nas parroquias de San Martiño, Vilamor e Vilouriz. A actuación consistiu en cambiar as xa existentes, de 70 W, por outras de 20 W con maior eficacia lumínica e que permitirán, segundo estimacións do goberno local, un aforro próximo ao 50% na factura da luz.

Os traballos tiveron un orzamento de 62.000 euros, financiados nun 70% polo Instituto Enerxético de Galicia (Inega). O 30% restante correu a cargo do Concello. Esta actuación completa as xa realizadas ao longo da estrada provincial DP-4604 nos núcleos de Ordes, Souto, Pontequeimadas, Paradela, Ínsua e Brañas.

Ninguén só polo Nadal

A consellería de Política Social está a organizar un ano máis o programa *Xuntos polo Nadal*, unha iniciativa dirixida a todas as persoas maiores de 60 anos que por diferentes circunstancias se atopan soas e queiran pasar o Nadal en compañía. As solicitudes para participar neste programa pódense presentar ata o 23 de novembro tanto na área de servizos sociais dos concellos como nos departamentos de traballo social dos centros de saúde.

Xuntos polo Nadal desenvolverase entre os días 23 de decembro e 2 de xaneiro e inclúe aloxamento, manutención e desprazamento. En total ofértanse 240 prazas distribuídas entre as residencias do Carballiño (Ourense) e a de Panxón (Pontevedra). Dependendo dos ingresos dos participantes a asistencia será gratuíta ou terá un custo de 50 euros.

Un libro rescata do esquecemento as coplas e cantigas populares de Toques

O papel é, en moitas ocasións, o mellor antídoto contra o paso do tempo. Xa que logo, unha parte importante do patrimonio inmaterial de Toques está a salvo do esquecemento grazas á edición dun libro no que se compilan cancións populares recollidas en diferentes puntos do municipio.

A publicación, que leva por título *Cantigas populares de Toques*, foi promovida polo Concello e recolle máis de medio cento de coplas que tratan dende os temas máis universais (o amor e o desamor, a música, os casamentos, a natureza...) ata os máis particulares, sendo o fiel reflexo da idiosincrasia das súas xentes. Tal é o caso das cantigas que falan da vida cotiá ou das chanzas entre as aldeas do

municipio: "*Os de San Martiño matamos a besta/ e os de Villamor comérona fresca;/ os de Couso mandaron recado/ que lles gardaran a punta do rabo;/ e os de Vilouriz chegaron a gritos/ que lles gardaron un cesto de tripas*".


Recordar vellos tempos

Todas as cantigas que contén o libro foron recollidas ao longo de catro anos entre as mulleres que participan nas actividades culturais ofertadas polo Concello e baixo a coordinación de Marina Corral, técnica de Cultura. "Activamente participaron doce pero en total foron máis de corenta", asegura, "gozaron moito con esta actividade porque lles permitiu recordar vellos tempos". Precisamente a elas, persoas

en cuxas memorias "perduran os recordos máis íntimos, máis doces, máis agarimosos e máis loables", está dedicada a publicación.

Así se recolle na primeira páxina do libro, que tivo que agardar un tempo no caixón "por falta de presuposto" pero que finalmente saíu do prelo este mes de novembro cunha tirada de 800 unidades "grazas ao empuxón da Deputación", que financiou a súa edición. Boa parte dos exemplares pasarán a ocupar un oco nos estantes dos fogares de Toques, pois o Concello entregarálle un libro a cada familia.

A presentación oficial do volume realizouse o pasado día 5 en coincidencia coa celebración da II Feira de Produtos da Zona.



Portada do libro, que será repartido polas casas do concello

Tu Bouyik
Rda. de Pontevedra, 61

BLACK FRIDAY

GRANDES DESCUENTOS **25, 26, 27**
DE NOVIEMBRE

4º Aniversario
Sábado 19 de noviembre

Invitación a copa y pinchos. Durante todo el día, regalo de vales-descuento para próximas compras

- Moda para señora y caballero
- Primeras marcas del mercado
- Tallas especiales < Caballero: 38 - 70
Señora: 38 - 65

Quieres ser modelo por un día?

Se es muller e tes máis de 18 anos, chama ó **628 67 00 09**
(de luns a venres de 18:00 a 20:00 horas)

O teu soño pode facerse realidade

CASTING na Casa da Cultura

Modista M. Luisa Pereiro

Agasallo dun vestido para as seleccionadas

Plagostel
N.R.S. [0177-GAL-SPO]
calidad e higiene alimentaria
www.plagostel.com
986 118 714

HOTELES
ALBERGUES
CASAS RURALES
GIMNASIOS
BALNEARIOS
...

¿Necesitas cumplir con el Real Decreto 865/2003 por el cual se establecen criterios higiénico-sanitarios para la prevención y control de la Legionelosis?

AGACPRA
Asociación Galega de Empresas de Control de Pragas

AVOGADOS


Ana Pernas Vilasuso
C. 1678

Miguel Fernández López
C. 711

HERDANZAS

R/ Luis Seoane, 2 - 2º
Tlf.: 981 506 455 - 661 580 004



MELIDE



intres
FOTOGRAFIA

"Se sabes agardar, a xente esquecerase da túa cámara e entón a súa alma saíra á luz"
Steve McCurry

www.intresfoto.es
Tif. 658 663 898 / 881 974 224
Avenida de Toques, 2



Joyería Oro Ley



Taller propio



Rúa de San Pedro, 14
15800 MELIDE
(A Coruña)
Tif: 981 50 54 68



R/ San Pedro, 16 - MELIDE
Tif.: 981 50 72 06



- Terapia respiratoria
- Rehabilitación
- Masaxes

De pai colombiano e nai galega de Muxía, Lili Méndez Moreira, profesional da fisioterapia, chega a Melide para poñer ao servizo da comarca a experiencia adquirida ao longo de dez anos de exercicio en España e ofrecer unha alternativa saudable doenzas crónicas e problemas de mobilidade



RENAULT



talleres



- **Compra- venta de vehículos de ocasión KM 0**
- **Taller de reparación chapa y pintura**
- **Venta de neumáticos**

Tlf.: 982 38 01 54
Móvil.: 678 03 95 38

Avda. de Lugo, 63
tallereslual@hotmail.com



auto desguaces

- **Compra- venta de automóviles**
- **Servicio de grua permanente**
- **Taller de reparación**
- **Neumáticos**

Ctra. de Lugo - Coto (MELIDE)

Tlfs.: 981 50 73 52 / 629 31 84 60

desguaceslual@hotmail.com

MICROAUDIO

CENTROS AUDITIVOS DE MULTIOPTICAS

Si te tienen que hablar así...
quizá deberías revisar tu audición.



Solicita tu **REVISIÓN GRATUITA**



2 gafas mó
graduadas
con antirreflejante
97€

PVP recomendado. Hasta el 31/12/2016 llévate dos gafas (montura mó + lentes) con lentes graduadas monofocales orgánicas antirreflejantes Beslayt 1.5 AR, cilindro + 2, esfera + 2 a - 4 por 97€. Ambas gafas con la misma graduación. Válido para una selección de monturas mó señaladas en el establecimiento que lo publicite. No acumulable a otras ofertas o promociones.

Más de 1000 modelos

mó

:diseñadas para vivirlas_sólo en **MULTIOPTICAS**

Ronda de A Coruña, 20
T. 981 505 199
15800 Melide • A Coruña

www.multiopticas.com

MULTIOPTICAS
Tabora

REXCE ÓPTICA: E-15-001238
REXCE AUDIO: E-15-001241

Recta final con 9 actuacións para a XXVII edición da Semana da Música



Actuación da agrupación A Maristela, de Sobrado, o primeiro día da Semana da Música

A XXVII edición da Semana da Música da Terra de Melide, organizada pola Coral Polifónica, encara a súa recta final con tres novos días de actuacións (18, 19 e 20 de novembro) que levarán ao escenario da Casa da Cultura un variado repertorio; dende música e baile tradicionais ata solistas, pasando polo concerto de peche a cargo dos anfitrións.

A principal novidade desta segunda quenda de actuacións será o debut do grupo de acordeóns A Xuntanza, creado especificamente por varios afeccionados da vila para

actuar nesta edición. Será na xornada dominical e como concerto previo, xunto con Froito Novo, á actuación da Coral Polifónica.

Antes da xornada de clausura aínda terán que actuar, o venres 18, a agrupación O Balado de Toques, o Coro Parroquial e Leirabuxo. O sábado 19 será a quenda da Escola de Gaitas e Percusión do Concello, dos solistas Xoán Curros, Irene Ruíz e Carla Rey xunto con Herba Grileira.

Música sen homenaxe

A actuación dos acordeóns de

A Xuntanza non é con todo a única novidade desta edición, que resultou ser un tanto atípica polo feito de que, a diferenza das anteriores, non está dedicada a ningún persoeiro nin agrupación en concreto.

Segundo explican dende a organización, a intención inicial era homenaxear aos coros históricos galegos, máis a proximidade da festa de Santa Cecilia e os compromisos adquiridos fixeron imposible a presenza dalgunha destas formacións. Haberá que agardar ao ano que vén. Mentres, a música segue soando.

O II Encontro de Bule con Alcer reúne en Melide a 150 persoas



O Pazo de Congresos de Melide acolleu o pasado 7 de novembro o III Encontro de Bule con Alcer, como se denomina o programa posto en marcha pola Asociación Contra a Loita das Enfermidades de Ril a través do que se imparten en diferentes concellos de Galicia actividades enfocadas a xente de todas as idades con doenzas crónicas. Á cita acudiron máis de 150 persoas procedentes de dez municipios da provincia que completaron un tramo do Camiño de Santiago para compartir a continuación un xantar de confraternidade e xogos de lecer.

O escenario para este encontro non podía ser outro ca Melide, tendo en conta que é o concello galego con maior número de participantes no programa Bule con Alcer. Este ano inscribíronse 90 persoas, que practican exercicios adaptados tres días á semana en grupos de 20 ou 25 persoas. A concelleira de Benestar Social, Chus López Mourón, a través de cuxo departamento se xestiona o programa, destaca que é unha das actividades máis demandadas de todas as que oferta o Concello. O curso rematará en decembro e, a xuízo de López Mourón, foi todo un éxito: “este ano fixemos un esforzo maior e conseguimos que ninguén quedase en lista de espera”.

Doce deportistas de Ayude suman 21 medallas nos nacionais de Kickboxing



Era unha toma de contacto, por ser a primeira vez que se celebraba, pero o resultado dos pupilos de Escuela Ayude non puido ser mellor no I Campionato de España de Clubs de Kickboxing.

O escenario escollido pola Federación Española para desenvolver a competición foi a localidade toledana de Villarubias, a onde se desprazaron a fin de semana do 5 e do 6 de novembro cincuenta clubs procedentes de diferentes puntos do territorio nacional para loitar polas medallas que se disputaban nas categorías de pointfighting, lightcontact e kicklight. Alí tamén estivo unha representación de Escuela Ayude composta por 12

deportistas que partían con opcións de medalla.

As expectativas cumpríronse e os de Melide volveron para a casa con 21 metais colgados do pescozo: 11 ouro, 3 pratas e 7 bronce. O director da escola, Jose Ayude, asegura que “las actuaciones de todos en general fueron muy técnicas y deportivas”, aínda que non se pode obviar que destacan as realizadas por Guillermo López e Nahum Ayude, que se fixeron co ouro nas tres modalidades.

Xunto con eles tamén conseguiron medalla Víctor Buján, Nicolás Devesa, Íker López, Raúl Pardo, Sabela Cabado, Aron Ayude, Nicolás Castro e Nerea Iglesias.

As xoias melidenses da Idade do Bronce que nos conectan con Europa

O vasto patrimonio da Terra de Melide tamén conta no seu haber con xoias de ouro prehistóricas. Son pezas tan valiosas como descoñecidas (debido ás circunstancias pouco ortodoxas nas que foron recuperadas) que a día de hoxe forman parte dunha das coleccións de ourivería antiga máis importantes de España: a que alberga na súa sala 8 o Museo Provincial de Lugo, declarada o ano pasado Ben de Interese Cultural (BIC).

“É moi raro que se lle outorgue esta distinción a unha colección”, asegurou en Melide a directora do museo lucense, Aurelia Balseiro, durante a conferencia de inauguración da exposición sobre ourivería antiga que ata o 30 de novembro acollerá o museo comarcal e que permitiu que, dalgún xeito, as nosas xoias

prehistóricas volvesen á casa. Desta volta foi a través dos oito paneis informativos que a compoñen e cos que se pretende facer un labor de divulgación do patrimonio.

Na mostra tamén hai oco para algunhas das 5 pezas de ouro atopadas na comarca que forman parte da colección do museo provincial e sobre as que Balseiro tamén disertou: dúas láminas de tiras ou gargantillas (posiblemente diademas), un brazaletes, unha pulseira e un torques. Datadas as primeiras na Idade do Bronce e o resto na do Ferro, foron descubertas entre os anos 1871 e 1878 en localizacións moi imprecisas e de xeito casual, algo que motivou “que se perdesen moita información”.

Do torques sábese que apareceu “a 6 quilómetros de Melide nun lugar sen especificar”



Conferencia de A. Balseiro, directora do museo provincial de Lugo

e o brazaletes “a 4 quilómetros do castro de Monte dos Mouros”, en Toques. Igual de imprecisa é a localización das láminas de tiras, que mesmo correron o perigo de desaparecer: “quen as atopou levounas a un ferreiro pensando que eran latón”, explicou Aurelia Balseiro, “finalmente mercounas o coleccionista Blanco Cicerón e logo pasaron a colección de Gil Varela”, feitos ámbolos dous que lles permitiron chegar á actualidade.

Malia as condicións precarias dos achados, as xoias prehistóricas da comarca serviron para tirar conclusións sobre as relacións comerciais na Idade do Bronce e o contacto desta rexión interior da Gallaecia coa área Atlántica de Europa. Así o demostra o feito de que fosen atopadas na Bretaña francesa e na rexión portuguesa de Braga dúas láminas de tiras de ouro martelado exactamente iguais ás do Monte dos Mouros.

O museo pechará de novo en 2017 durante 4 meses

Tamén en 2017 o Museo da Terra de Melide terá que pechar a súas portas dende xaneiro ata maio por falta de financiamento suficiente para manter a actividade. Confirmouno o seu director, Xosé Manuel Broz, durante a presentación da mostra sobre ourivería antiga: “a subvención da Deputación non chega e coa Xunta e o Concello xa nin temos conversas”, indicou.

De cara a 2018 a institución provincial incrementará a axuda concedida ao museo e ten xa comprometidos 25.000 euros que, non obstante, non evitarán tampouco o peche. Prevese que ese ano a galería comarcal só teña que cerrar durante dous meses.

GASTRONOMÍA DO OUTONO NAS FESTAS DA COMARCA

Toques celebrou a II Feira de produtos típicos da zona



O Concello de Toques celebrou o Samaín organizando por segundo ano unha feira de exaltación dos produtos típicos da zona. Cabazas, froitas, queixos, mel, plantas, marmelo ecolóxico ou chourizos non faltaron neste evento que acolleu por primeira vez a Aula da Natureza e que incorporou tamén a artesanía e o folk. Deste xeito, o obradoiro de cestería foi unha das actividades que máis gustou, xunto coa actuación da agrupación “O Balado”. A xornada completouse cunha merenda a base de castañas, un contacontos e unha exposición de fotografía.

Castañas e música, protagonistas do Devesa Son



A parroquia de Visantón, en Santiso, tamén celebrou o seu particular magosto baixo a organización da Asociación O Noso Lar. Con nome propio, o *Devesa Son* arrincou ben cedo na mañá do 29 de outubro cunha ruta de sendeirismo para dar paso no pavillón polideportivo a un copioso xantar a base de pulpo, churrasco e castañas. Do que máis houbo foi música, que chegou da man de cinco agrupacións tradicionais: A Maristela (Sobrado), Xirifeiros (Melide), A Fonte de Merlán (Palas de Rei) e Ghusto do Boi (Zas). Non faltaron os xogos populares e a artesanía.

Dous días de actividades na Montaña Coruñesa



A III Feira Gastronómica da Montaña Coruñesa chegou a Sobrado con dous días cargados de actividades. No primeiro deles, o 5 de novembro, os protagonistas foron os cogomelos e a ruta micolóxica guiada por un experto que rematou ao xantar cunha degustación pública na praza da vila. Xa á noite foi a quenda do magosto popular e da festa de Halloween que deu paso ao día seguinte á feira propiamente dita, con exposición e venda de produtos da comarca; os mesmo que se empregaron para facer as tapas que gratuitamente ofreceron os diferentes locais de hostalería.

5º CAMPEONATO DE TUTE



no

Café-Bar

CANTÓN

MELIDE

Venres 2 decembro

a partir das 10 da noite

**Inscripción: 20 € por persoa.
Máximo 40 parellas.**

(Haberá pinchos para os participantes)

Información:

636 991 397 - 636 992 151 - 981 505 569

1º: 2 Cestas de 3 pisos.

2º: 2 Cestas de 2 pisos.

3º: 2 Cestas de 1 piso.

4º: 2 Cestas de 1 piso.

5º: 2 Cestas de 1 piso.

6º: 2 Xamóns.

7º: 2 Follas de bacallau.

8º: 2 Queixos.



Ver a palla no ollo alleo

Xosé Núñez, escritor

Nos tempos da miña xuventude -ique xa choveu!- un mozo da parroquia de Boente fixérase moi popular na comarca debido ao seu carácter extrovertido. Ía a todas as romarías e era moi amigo da diversión, sendo coñecido para todos como "o fillo do Maestro de Boente".

Pero cando se produciu a grande avalancha de galegos da zona para Bilbao en busca de traballo, tamén el marchou para a capital biscaíña, onde puido colocarse como condutor de autobuses municipais. Como bo galego, e atacado pola morriña, sabendo que un familiar seu tiña un cargo no sindicato da Empresa de Autobuses de Vigo "Vitrasa", veuse para a cidade olívica e puido entrar como condutor dun microbús.

Dito medio de transporte público era utilizado por quen lles escribe para trasladarse dende a oficina onde traballaba ata a súa vivenda e deuse a casualidade de que un día me atopei co "fillo do mestre de Boente" conducindo o microbús que eu acababa de coller. Despois de darnos a coñecer, comezamos a contar as aventuras que nos ocorrían nos tempos da nosa xuventude. Eu xa sempre facía por subir o último para quedar alí de pé falando con el durante algún tempo. Un día, cando nos atopabamos en animada charla, un home de xa certa idade que estaba sentado no primeiro asento provisto de bastón con empuñadura de prata, reprochoume a miña actitude con voz airada, dicindo: "allí -sinalando o alto da cabina- hai un letrero que dice prohibido hablar con el conductor".

Cando me volví cara a el para ver quen era o que me censuraba con tanta autoridade, observei que ten un cigarro acendido e que fuma con toda tranquilidade. Entón eu respóndolle que ten razón pero fágolle a observancia de que ao lado daquel letreiro hai outro que di: prohibido fumar. Seguidamente e con certa carraxe, o home descoñecido tirou ao chan do microbús o cigarro e non dixo nada máis. Entón eu díxenlle o condutor que me ía sentar e, aínda que me dixo que non fixera caso, fun sentarme á parte traseira. Así acaba este pequeno episodio da vida real, tal como o comecei: vemos a palla no ollo alleo e non vemos a viga no noso.

O comercio é móbil

Marcus Fernández, webmaster de Código Cero



Xa non falamos do futuro, e cando dicimos que o comercio electrónico faise de xeito maioritario dende dispositivos móbiles só estamos a constatar unha realidade, xa que actualmente hai máis usuarios que acceden á Rede dende o seu teléfono que dende o ordenador (Facebook rexistrou no último trimestre 1.055 millóns de usuarios que se conectan exclusivamente dende o móbil), de aí que en xornadas como o 11 de novembro (cando as tendas en liña chinesas realizan grandes ofertas) a porcentaxe de compras dende o móbil fose do 84,9%, algo inimaxinable hai un par de anos.

Pero, e se falamos de comercio tradicional? O factor *smartphone* sería tan importante?

Eu atreveríame a dicir que, se ben aínda é posible levar un negocio sen facer uso do *smartphone*, e incluso do teléfono, estamos ante unha ferramenta que pode ser clave ante algo que nunca pode deixar de lado o negocio de proximidade: o trato ao cliente. Pode parecer algo frío, pero se prestamos atención cada día vemos máis furgonetas que rotulan o seu número de teléfono como número de WhatsApp, buscando así que os seus clientes potenciais poidan remitir consultas a

calquera hora, con independencia de se o profesional detrás do teléfono está libre para atender a chamada.

No caso dos establecementos comerciais tradicionais o uso de WhatsApp tamén pode resultar moi práctico para, por exemplo, advertir ao clientes da recepción dunha encarga, dar conta dalgunha promoción que poida resultar de interese ou, simplemente, resolver dúbidas sen que o cliente teña de acudir

até a tenda en persoa. En definitiva, que amplía a canle de comunicación entre negocios e consumidores, a través dun sistema que ten uns custos imperceptibles e que facilita posibilidades que van máis aló do que achegaban as mensaxes de texto, como non ter que preocuparse pola lonxitude das mensaxes, poder incluír audio e vídeo e incluso realizar chamadas de voz e videoconferencias.

As posibilidades son moitas, e non é preciso ter unha aplicación móbil, nin ter presenza nas redes sociais, para que un negocio tire proveito comercial dos *smartphones*.

Lorca, poeta alófono en lingua galega

César C. Vega, investigador

A Editorial Nós de Ánxel Casal publicou a obra de García Lorca *Seis poemas galegos*. Está composta por «Madrigal â cibdá de Santiago», «Romaxe da nosa Señora da Barca», «Cántiga do neno da tenda», «Noiturno do adoescente morto», «Canzón de cuna pra Rosalía Castro, morta» e «Danza da lúa en Santiago». Os orixinais, autógrafos e apógrafos, consérvanse na Biblioteca Blanco-Amor (Deputación Provincial de Ourense), agás o de «Madrigal â cibdá de Santiago», localizado por Xesús Alonso Montero na casa de Francisco Lamas. Os textos caracterízanse por se situaren en eixos referenciais, como as

paisaxes urbanas e rurais e as influencias temáticas e formais da literatura tradicional galega.

Andrew A. Anderson, en *Diván del Tamarit. Seis poemas galegos. Llanto por Ignacio Sánchez Mejías* (1988), explica o interese lorquiano pola literatura galega mediante tres compoñentes: o coñecemento da tradición literaria galega, a admiración por Galicia e a amizade con persoas galegas.

A relación de Lorca con Galicia convén enmarcala con cinco viaxes:

A primeira aconteceu en 1916 grazas ó encontro do poeta co profesor Martín Domínguez Berrueta (catedrático de Teo-

ría da Literatura e das Artes), quen conseguiu unha subvención ministerial para viaxes de prácticas. Precisamente, as impresións da viaxe galega amosan a sensibilidade lorquiana ó proporcionar un enfoque da realidade favorable ás persoas marxinadas da sociedade.

A etapa na Residencia de Estudiantes (Madrid) posibilitou o encontro con Eduardo Martínez Torner e Xesús Bal y Gay. Xunto ós dous musicólogos, improvisou cantigas do folclore musical galego, o que explica a interpretación en 1929 do «Romance de don Boyso» nas aulas da Columbia University (New York) e en

anos seguintes a inclusión de cantigas galegas. Trala estadía madrileña, a chamada do Comité de Cooperación Intelectual da República propiciou a segunda viaxe na primavera de 1932 para realizar conferencias en cidades galegas. A terceira ocorreu en agosto de 1932 en calidade de director de La Barraca, grupo teatral que representou en localidades galegas diversas pezas. Ós poucos meses, veu a Pontevedra, onde visitou a redacción da revista *Grial* e impartiu no cine Coliseum a conferencia «María Blanchard, gloria y angustia de la pintura moderna».



A quinta escenificouse en Bos Aires e Montevideo cun encontro con emigrantes galegos/as. Malia seren os motivos da viaxe a representación de *Bodas de sangre* e a difusión do seu teatro en América, Federico procuraba novos eidos para o seu espírito.

ROCÍO PÉREZ PAMPÍN, PARAFARMACIA O CANTÓN

“O que máis me gusta desta profesión é saber que pododo axudarlle á xente”

Hai xusto un ano que Rocío Pérez tomou a decisión de montar en Melide unha parafarmacia, consciente das barreiras e dos prexuízos que tería que superar pero avalada por once anos de traballo no sector e polo convencemento de que un negocio destas características era necesario na vila.

Non se equivocou. En pouco tempo, cun trato próximo baseado na orientación personalizada e con produtos de calidade, conseguiu ganar a confianza dunha clientela que ten a oportunidade de mercar nesta parafarmacia produtos de cosmética, hixiene persoal, coidado infantil e xeriatría.

- Hai xusto un ano que abriu esta parafarmacia, a primeira de Melide. Que balance fai?

-Rocío Pérez (R.P.): Ao principio foi difícil porque aquí non existía o hábito de mercar nunha parafarmacia e había certa desconfianza. Era algo co que xa contaba, sabía que había unha barreira inicial que tería que superar. Pouco a pouco fun facendo clientela e agora todo o mundo me di que Melide necesitaba un negocio deste tipo. Estou moi contenta porque vexo que á xente lle gustan os produtos que teño. Aínda que os comezos sexan sempre duros, animo á xente a que monte negocios e que siga para adiante.

- Cales son as principais diferenzas entre unha farmacia e unha parafarmacia como a súa?

-R.P.: A diferenza basicamente é unha; aquí non se dispensan medicamentos con receita. Polo demais eu traballo con marcas de farmacia en todos os produtos que teño á venda. Son marcas de calidade, non de supermercado. Refírome por exemplo á marca francesa de cosmética Bioderma, moi recomendada por dermatólogos e que aquí en Melide só vendo eu. Ou tamén Apivita, que é cosmética natural de orixe grega. Por outra parte, ao igual ca nunha farmacia, ofrezco un trato próximo, aconsellando á xente, orientándoa, preguntándolle polo problema que ten e facendo un seguimento. Tamén son moito de dar mostras para que o cliente probe sen compromiso e vexa como lle vai.

- Cales son exactamente os produtos que vende?

-R.P.: Na tenda hai diferentes seccións, por así dicilo. Por



Rocío Pérez celebrou o pasado 8 de novembro o primeiro aniversario da súa tenda

exemplo a parte infantil, con alimentación, cremas, chupetes e biberóns, cueiros, algo para regalar..., un pouquiño de todo. Despois teño a liña de cosmética con cremas de todo tipo: faciais, corporais, solares, para queimaduras, para tratamentos oncolóxicos, peles atópicas.... Por outra parte está a sección de hixiene, con toallinas, compresas... e a dedicada a material de xeriatría. Tamén vendo cepillos de dentes, pasta, colutorios e diferentes tipos de xampús.

- Cales son os artigos que teñen máis saída?

-R.P.: Os de cosmética en xeral. Tamén se venden ben os destinados ás persoas maiores. Neste sector hai moitas cousas que non teño fisicamente na tenda por razóns de espazo pero que se poden mercar por catálogo ou encargalas

sen problema. Se alguén precisa unha cadeira de ducha, unha cadeira de rodas ou un andador, dun día para outro téñoas aquí. Tamén alugo camas articuladas para persoas que están encamadas.

- Ten previsto introducir novas liñas de produtos proximamente?

-R.P.: Estoume introducindo pouco a pouco no campo da dietética e dos produtos naturais porque é algo que me está demandando a clientela. De momento só teño complementos vitamínicos, infusións e anticatarras. Vou ir paso a paso porque é un sector no que hai que traballar con moita seriedade. A unha persoa que tome medicación non lle vou dar nada que non lle recomende o seu médico. Aínda que sexan produtos naturais, pode haber interaccións. O principal pro-

blema que teñen é que normalmente a xente os toma mal. Hai que ter unha constancia que moitas veces non se ten.

- Cando se fala de cuestións de saúde tamén miramos o prezo?

-R.P.: Si, inicialmente a xente intenta axustar o prezo ao máximo. Dinche que noutros lugares está máis barato ou que lles fan regalos por mercar. Pero cando proban o produto e ven que lles funciona e soluciona o que queren, entón aí o que custe xa non importa tanto; queren algo efectivo e punto. De todos os xeitos o prezo non supón un problema nesta parafarmacia. Non son moi elevados. Teño unha boa relación calidade-prezo.

- Está situada en pleno camiño de Santiago. Son os peregrinos bos clientes?

“A diferenza cunha farmacia é que aquí non se dispensan medicamentos con receita”

“Alugo camas articuladas e vendo cadeiras de rodas e de ducha para persoas maiores”

-R.P.: Si, son unha parte moi importante da clientela. Este verán pasaron moitos pola tenda. Demandan sobre todo cremas para a dor, vendas, tiritas e xeonlleiras. O problema é que ás veces se perde de facer algunha venda polo tema do idioma. Agora os tradutores axudan bastante pero eu son moito de explicar e en ocasións véxome limitada. En Melide fai falta o inglés.

- Que é o que máis lle gusta da súa profesión?

-R.P.: Saber que podes axudarlle á xente, sobre todo ás persoas maiores. Gústame o trato co cliente, que me pregunten e resolver dúbidas.

Parafarmacia Cantón

**Tlf: 981 93 73 50
R/ Cantón S. Roque, 28**



SANOQUERA
fotografía, arte y diseño



SANOQUERA FOTOGRAFÍA · CITA PREVIA · ASETEM
Tel. 622 222 810 · www.sanoguera.com